

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de abril de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trece de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(396).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 23 e 30 de marzo de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(397).- PROXECTO DE CONVENIO DE SUBVENCIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN FILARMÓNICA DE VIGO SOBRE ACTIVIDADES CULTURAIŠ, DE CARÁCTER MUSICAL DESTINADAS Ó COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA MÚSICA EN XERAL, DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 8317/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.02.12, o informe de fiscalización do 26.03.12, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 22.03.12, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de subvención entre o Concello de Vigo e a Asociación Filarmónica de Vigo, sobre actividades culturais, de carácter musical destinadas ao coñecemento e difusión da música en xeral , durante todo o ano 2012.

2º.- Conceder unha subvención á Sociedade Filarmónica de Vigo por unha contía de 18.000 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 "OUTRAS SUBVECIÓNS". O pago a Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase trimestralmente contra a presentación da memoria de avaliación da programación e, a achega dos xustificantes de pago establecidos no convenio .

CONVENIO DE COLABORACION DO CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA CELEBRACIÓN ACTIVIDADES DE FOMENTO DA MÚSICA.

Na cidade de Vigo, o de dous mil dce

Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2,

Doutra parte D AVELINO M SAN LUIS COTAS Presidente da Sociedade Filarmónica de Vigo C I F num G 36652881 . e enderezo social na rúa Camelias 52 Bajo da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto.

EXPOÑEN

Que a Sociedade Filarmónica de Vigo e unha entidade se ánimo de lucro con case que un século de existencia ,que se adica á difusión da música entre a sociedade , mediante a programación de Concertos e outras actividades, fomentando deste xeito o coñecemento a afección á música tanto cultural coma socialmente .

A Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións, desexa promover e colaborar na súa execución, coma un medio de promoción da música na Cidade.

As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.

Deste xeito a Alcaldía do Concello de Vigo e a Sociedade Filarmónica

ACORDAN

PRIMEIRA.- O presente convenio subscríbese có obxectivo de articular a colaboración do Concello de Vigo con a Sociedade Filarmónica de Vigo nas actividades culturais e de promoción da música , que organiza esta entidade,.

SEGUNDA.- Corresponderalle á Sociedade Filarmónica todo o referente á planificación e organización das actividades desenvolver.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. A Sociedade Filarmónica de Vigo achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

CUARTA.- A Sociedade Filarmónica aportará a Alcaldía 50 entradas sen custo, para todo os seus concertos e actividades , como contribución as intencións deste Convenio . Asemade a devandita Sociedade ofrecerá ó Concello a súa experiencia e infraestrutura en todas las actividades relacionadas con este Convenio que o Concello considere.

QUINTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 18.000 Euros en concepto de colaboración, con cargo a partida 912.0.227.99.02 (Convenios). O pago a Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada trimestralmente e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula.

SEXTA.-Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Sociedade Filarmónica deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

- 1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.*

Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificados a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor provatibo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

- 3. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*
- 4. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*
- 5. O pago realizarase trimestralmente unha vez presentados os xustificantes establecidos no nº 1 desta cláusula.*

SÉPTIMA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e a Secretaria da devandita Sociedade ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.

OCTAVA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2012. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.

NOVENA.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.

POLO CONCELLO

Pola Sociedade FILARMONICA DE VIGO

D. Abel Caballero Alvarez

D. Avelino San Luis Costas

Alcalde de Vigo

Presidente

3(398).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 6/2012. Demandante: D.^a CELIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 18/10/2011, reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 358/2011. Demandante: D. JOSÉ LUÍS DÍAZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 25/10/2011, sanción de tráfico (expte. 118614601). Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 18/2012. Demandante: D.^a M. LUÍSA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 06/09/2011, reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

d) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 38/12. Demandante: HIPERXEL, S.L. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (expte: 3355-243) Declara rematado o procedemento por desestimento da actora.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 478/2011. Demandante: D.^a BEATRIZ DAVILA COSTAS. Obxecto: Resolución do 13/09/2011, Sanción de Tráfico (Expte.: 118628446). Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 126/09. Demandante: UTE ELOYMAR TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO. Desestimación "presunta" RC-A contra liquidacións entrada de vehículos 2008 (Expdte: 37821/516 e 1492/550). Estimado o recurso.

g) Sentenza do TSXG, sala do C-A, sección 3ª no rec.Apelación 7126/2011 interposto por D. DOMINGO MIGUEL ARIAS contra Sentenza desestimatoria do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, RC-A nº P.O. 439/2010 interposto contra desestimación de reclamación patrimonial (Expte. 20033/220). Desestimada a apelación.

h) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 34/2012. Demandante: D.ª AMPARO DIZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial (expte 3195/243). Desestimento da demandante.

i) Sentenza do X. Mercantil nº 3 de Pontevedra. Demandante: ADMINISTRACIÓN CONCURSAL DE EDUARDO CHAO VIVIENDA PROTEGIDA. Asunto: Incidente concursal nº 1/11- embargo sobre cuenta. Estimada a demanda.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(399).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15/202, 15/07, 15/2617.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D.ª. Encarnación Feijóo Campos. Expte. 15/202.
- D.ª. Argimira Muradas Leboreiro. Expte. 15/7.
- D. Juan Julián Martín Jaén. Expte. 15/2617.

5(400).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de fiscalización e de acordo cos informes-proposta da xefa da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a HPC Ibérica S.A. as fianzas por importe de 1048,58 € e 818,02 € constituídas para responder das subministracións de xogos infantís para o Distrito Norte e lote V, xa que foron recibidas mediante acta de 24.02.12 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 4035/241.

b) Devolver a Tecnolegno Fantoni SRL a fianza de 1073,40 €, constituída para responder da subministración de materiais para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 29.04.11 conforme ás condicións que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 4036/241.

c) Devolver a Lappset España UR, S.L. a fianza de 359,83 € constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 25.01.09 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

6(401).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DE ATLETISMO ESCOLAR XÓVENES ATLETAS PARA ORGANIZAR O “CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY E ARREDORES” O 15.04.12. EXPTE. 11095/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación de atletismo escolar Xóvenes Atletas a organizar o vindeiro domingo 15 de abril de 2012, o CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY E ARREDORES. O dito Cross comenizará ás 10.00 horas e rematará ás 13.30 horas, percorrendo os arredores do colexio -zona de Montecelo Alto.

7(402).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó ANPA DO CEIP JAVIER SENSAT PARA ORGANIZAR A “IV CARREIRA EN FAMILIA CEIP JAVIER SENSAT” O VINDEIRO 21.04.12. EXPTE. 11117/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á ANPA do CEIP JAVIER SENSAT a organizar o vindeiro día 21 de abril de 2012, o IV CARREIRA EN FAMILIA CEIP JAVIER SENSAT. O dito evento comenizará ás 11.00 horas e rematará ás 13.00 horas, co percorrido seguinte: Av. Atlántida, rúa Castaña, rúa Castañal, colexio Javier Sensat.

8(403).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó ANPA DO CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE PARA ORGANIZAR O “XXXIII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE” O VINDEIRO 22.04.12. EXPTE. 11171/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar A.N.P.A. do C.E.I.P. De Mosteiro Bembrive a organizar o vindeiro domingo 22 de abril de 2012, o XXXIII Cross Escolar Mosteiro Bembrive. O dito Cross comezará ás 9.30 horas e rematará ás 13.30 horas, cun percorrido pola Estrada de Bembrive, no treito que vai dende a saída a autovía a Porriño cara a rotonda do cruce coa rúa do Eifonso, por algunhas fincas privadas e polo camiño Fionde.

9(404).- PROPOSTA SOBRE A PÉRDIDA DE DEREITO AO COBRO E RENUNCIAS RELATIVO Á CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, ANO 2011, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 8172/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.04.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Anular o outorgamento da axuda municipal á creación de empresas, ano 2011, no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, por importe de 972,54€, á empresa VICTOR JOY GALARRETA ÁLVAREZ, con NIF X640235S, por incumprimento ao non presentar en prazo conta xustificativa, nin facturas que xustifiquen os gastos subvencionables.(Expediente 8462/77)

SEGUNDO.- Reducir a contía da subvención da axuda municipal á creación de empresas, ano 2011, no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011 ás seguintes empresas:

- LUÍS VÁZQUEZ GÓMEZ, con NIF 36031272V, por un importe de 25,43€, concedendo así a subvención por importe de 401,81€, total do gasto xustificado. (expediente 8503/77).
- FRANCISCO JAVIER CORREA GARCÍA, con NIF 36133814D, por un importe de 107,02€, concedendo así a subvención por importe de 2.892,98€, total do gasto xustificado. (expediente 8525/77).

TERCEIRO.-Aceptar as renuncias expresas e declarar conclusos os procedimentos iniciados, de solicitude de subvención da axuda municipal á creación de empresas, ano 2011, no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, das seguintes empresas:

- SUSANA RUIBAL FERNÁNDEZ, con NIF 36153026Q, por renuncia expresa. presentada por rexistro, o 17 de febreiro de 2012 co número de documento 120018578. (expediente 8431/77).
- THEMYS GÓMEZ DOMÍNGUEZ, con NIF 53188776B, por renuncia expresa presentada por rexistro, o 06 de marzo de 2012 con número de documento 120025761. (expediente 8432/77).

- ALFONSO GONZÁLEZ CASTELLAZZI, con NIF 39493325W, por renuncia expresa presentada por rexistro, o 21 de febreiro de 2012 con número de documento 120019748 . (expediente 8478/77).

10(405).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR ACOPIO DE MATERIAIS CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. PARROQUIA LAVADORES-VIGO. FASE II: TRAVESÍA DE STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN”. EXPTE. 2110/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada pola empresa EIRIÑA, S.L., con data 23 de marzo de 2012, en relación as fianzas constituídas en data 15 de decembro de 2011, para responder das obrigas derivadas do anticipo a conta do acopio de materiais correspondentes ao mes de febreiro pasado, das obras de “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. PARROQUIA LAVADORES-VIGO. FASE II: TRAVESA DE STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN” expte. 1745/443, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe dos Directores Facultativos da obra, onde firman favorablemente a devolución de citada fianza, polo que PROPÓNSE:

1. Proceder a devolución da fianza a EIRIÑA, S.L., constituída na data reseñada, polo importe de:

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.	201100084701	31.571,02 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(406).- REFORZO DO FIRME DA ESTRADA DA VIA NA PARROQUIA DE CABRAL (OBRA A EXECUTAR POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL). EXPTE. 1333/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.03.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Aceptación da execución das obras en réxime de cooperación das obras do “Reforzo de firme da Estrada da Vía na Parroquia de Cabral”, dentro do PROXECTO ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM-Rural), coas seguintes indicacións:

- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente exixidos para levalas a cabo.
- Renunciar expresamente a reter da achega, calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- Asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación desta Dirección Xeral, a súa explotación, mantemento e conservación.
- Acreditar que a persoa designada para a sinatura do Convenio de Colaboración está debidamente facultada para este acto.
- Manifestar expresamente que dacordo co establecido no artigo 72 p1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións da execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.

12(407).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BRASIL, NICARAGUA, MENÉNDEZ PELAYO, MARTÍNEZ GARRIDO -FASE II E ARAGÓN- FASE II. EXPTE. 1337/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.04.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 27.03.12, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a modificación das anualidades das obras que a continuación se indican e dacordo coas táboas que se achegan:

Expte. 1.063/440 Humanización da Rúa Brasil Movexvial.
Partida orzamentaria: 1550.619.00.27

Ano	2011	2012	2013
Existente	82.352,94 €	957.647,16 €	850.000,00 €
Nova Proposta	82.352,94 €	737.647,16 €	1.070.000,00 €

Expte. 1.076/440 Humanización da Rúa Nicaragua Eiriña, S.L.
Partida orzamentaria: 1550.619.00.24

Ano	2011	2012	2013
Existente	178.991,60 €	678.508,40 €	1.415.000,00 €
Nova Proposta	178.991,60 €	578.508,40 €	1.515.000,00 €

Expte. 1.077/440 Humanización da Rúa Menéndez Pelayo Const. Ramírez.

Partida orzamentaria: 1550.619.00.35

Ano	2011	2012	2013
Existente	138.981,60 €	913.518,41 €	1.175.000,00 €
Nova Proposta	138.981,60 €	813.518,41 €	1.275.000,00 €

Expte. 1.080/440 Humanización da Rúa Martínez Garrido Sercoysa.

Partida orzamentaria: 1550.619.00.32

Ano	2011	2012	2013
Existente	153.991,60 €	696.008,40 €	1.400.000,00 €
Nova Proposta	153.991,60 €	596.008,40 €	1.500.000,00 €

Expte. 1.081/440 Humanización da Rúa Aragón, Fase II Oreco.

Partida orzamentaria: 1550.619.00.28

Ano	2011	2012	2013
Existente	78.991,60 €	771.008,40 €	1.400.000,00 €
Nova Proposta	78.991,60 €	671.008,40 €	1.500.000,00 €

13(408).- PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DA SINATURA ELECTRÓNICA, DA COMPULSA ELECTRÓNICA E DO TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO. EXPTE. 5862/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Admón. Electrónica, do 17.03.12, conformado polo concelleiro delegado de Fomento e Novas Tecnoloxías, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1) Uso da Sinatura Electrónica: En aplicación da Lei 59/2003 de Sinatura Electrónica, da Lei 11/2007 de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos, e da Lei 56/2007 de Impulso da Sociedade da Información, o Concello de Vigo implanta a Sinatura Electrónica na Tramitación de Expedientes, para que tódolos documentos que forman parte dun expediente sexan asinados electronicamente e incorporados como documentos electrónicos no mesmo. A firma electrónica nun documento electrónico, ten a mesma validez que á sinatura manuscrita nos documentos asinados en papel.

- 2) Dixitalización de documentos en papel: Os documentos presentados na Administración Municipal, poden ser dixitalizados, convertíndoos en imaxes electrónicas.

Copias Electrónicas Auténticas: Cando sexan realizadas pola Administración, as imaxes electrónicas terán a natureza de copias electrónicas auténticas co alcance e efectos previstos no artigo 46 da Lei 30/1.992, de 26 de novembro, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o documento copiado sexa un orixinal ou unha copia auténtica.
- b) Que a copia electrónica sexa autorizada mediante firma electrónica utilizando os sistemas recolleitos nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, de 22 de xuño.
- c) Que as imaxes electrónicas estean codificadas conforme a algún dos formatos e cos niveis de calidade e condicións técnicas especificados no Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- d) Que a copia electrónica inclúa o seu carácter de copia entre os metadatos asociados.
- e) O persoal dos servizos de Rexistro e Información e outro persoal autorizado, poderán realizar copias electrónicas auténticas de documentos en soporte papel, destinadas en todo caso á súa utilización polo Concello de Vigo.
- f) Que a copia sexa obtida conforme ás normas de competencia e procedemento que en cada caso se aproben, incluídas as de obtención automatizada.

- 3) Documento Electrónico: Toda a documentación que internamente sea xerada durante a tramitación dun expediente, deberá incorporarse ó mesmo en formato electrónico, e terá a consideración de documento electrónico.

Os documentos electrónicos deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa validez:

- a) Conter información de calquera natureza.
- b) Estar arquivada a información nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.
- c) Dispor dos datos de identificación que permitan a súa individualización, sen prexuízo da súa posible incorporación a un expediente electrónico.

- 4) Eliminación de papel: Esta operatoria vai dirixida a utilización do expediente electrónico, ca progresiva desaparición do papel na tramitación de expedientes. Na maioría dos casos pódese prescindir do expediente en papel, pois toda a información do mesmo figura no expediente electrónico. O servizo de Administración Electrónica facilitará os procedementos de comprobación da documentación en formato electrónico naqueles servizos que debido a súa natureza deban tramitar un gran número de expedientes, e que a comprobación de documentación electrónica poida supoñer un incremento na carga de traballo.

- 5) Emisión de copias auténticas en papel: Para que as copias en papel dos documentos públicos administrativos electrónicos teñan a consideración de copias auténticas deberán cumprirse os seguintes requisitos:
- a) Farase constar a dilixencia do persoal competente, ou selo de órgano, que acredite a correspondencia e a exactitude co documento orixinal electrónico.
 - b) Ha de constar na impresión do propio documento, un código xerado electrónicamente ou por outro sistema de verificación, con indicación de que o mesmo permite contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.
 - c) Deben de figurar na copia en papel, os firmantes do documento e a data da firma.
 - d) A copia debe ser obtida conforme ás normas de competencia e procedemento que en cada caso se aproben, incluídas as de obtención automatizada.
- 6) Compulsa electrónica: A compulsa electrónica de documentos electrónicos e en soporte papel realizarase a través dun procedemento de dixitalización seguro, que inclúa a firma electrónica do persoal ao servizo da Administración Municipal que realiza a compulsa e que garanta a autenticidade e a integridade da copia, tamén poderán utilizarse selos de órgano emitidos por unha autoridade certificadora recoñecida.
- Os documentos compulsados electrónicamente terán a consideración de copias auténticas, aos efectos do previsto no artigo 46 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Os documentos compulsados electrónicamente poderán ser válidos tanto no procedemento concreto para o cal se realizou a compulsa como para calquera outro procedemento tramitado pola Administración Municipal.
- 7) O Taboleiro de editos electrónico.
- a) O Concello de Vigo incorpora a súa sede electrónica un taboleiro municipal electrónico de editos e anuncios, destinado á publicación preceptiva de normas, acordos, resolucións, comunicacións e calquera outra información de interese municipal, ós efectos sinalados no artigo 12 da LAECSP (Lei 11/2007).
 - b) O Concello de Vigo poderá publicar no taboleiro electrónico as comunicacións recibidas de terceiros.
 - c) A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse no taboleiro de anuncios ou editos, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico.
 - d) O acceso ó taboleiro non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.
 - e) A efectos de cómputo de prazos, no momento da publicación xerarase a correspondente marca de tempo.
 - f) O taboleiro de editos electrónico disporá dos sistemas e mecanismos que garanten a autenticidade, integridade e dispoñibilidade do seu contido, nos

termos establecidos no artigo 45.5 da lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e pola Lei 11/2007 de Acceso Electrónico.

14(409).- PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL A TRAVÉS DE RUTAS MEDIOAMBIENTAIS POR VIGO E BISBARRA. ABRIL-XUÑO 2012. EXPTE. 8447/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 9.04.12, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, a concelleira delegada de Economía e Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o programa de sensibilización e educación medioambiental “camiño a camiño”: rutas por Vigo e bisbarra, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 4 de abril de 2012, que recolle sete rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra para un total de 2.100 participantes, que se desenvolverán os días 15, 22, 29 de abril, 6 e 13 de maio, 2 e 9 de xuño de 2012. A ruta do día 2 de xuño, nocturna polos faros I: Faro Museo do Mar - Faro Cabo Estai, desenvólvese integramente no termo municipal de Vigo e as seis restantes polos concellos da bisbarra.

O orzamento total das actividades ascende a 28.032,20 euros, dos cales 21.228,20 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.08 e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización das outras partidas da bolsa de vinculación afecten ao normal funcionamento do servizo; e o importe de 6.804,00 euros (transporte terrestre en autobús discrecional) con cargo ao RCM núm. Operación 201200010105.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante para as seis rutas que se desenvolverán fóra do termo municipal de Vigo, que ascende a 3 euros, a excepción dos menores de catorce anos que non pagan e cun máximo de quince menores por ruta, o que representa unha porcentaxe a cargo dos participantes para estas rutas que oscila entre o 21,15% ao 20,09% en función do número mínimo e máximo de menores de catorce anos que participen nas rutas, de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

15(410).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO, ANOS 2012-2013. EXPTE. 8316/306.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe xurídicos de data 30.03.12 e 10.04.12, o informe de fiscalización do 10.04.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente Sanidade e Consumo, do 9.04.12, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo en praias ou areais do Concello de Vigo, para os anos 2012 e 2013, conforme ao prego de prescricións técnicas redactado polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data do 09/04/2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo xefe da oficina de Contratación de data 09/04/2012.

2º.- Autorizar o gasto de 471.637,12 euros (o importe sen IVE é de 399.692,47 €; o IVE do 18% é de 71.944,65 €); dos cales 235.818,56 € corresponden á anualidade 2012 con cargo á partida orzamentaria 1721.227.01.00 "Vixilancia de praias e a súa bolsa de vinculación"; e 235.818,56€ á anualidade 2013.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido no TRLCSP.

16(411).- INICIO DOS TRÁMITES PARA A LICITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE "CAFETERÍA-MIRADOR DO CASTRO" SITO NO PARQUE DO CASTRO DE VIGO. EXPTE. 18694/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

17(412).- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDUREMTO DE CONSTRINXIMENTO PARA A RECADACIÓN DE TAXAS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E SANEAMENTO ADEBEDADAS A AQUALIA Y FCC UTE. EXPTE. 18385/700.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 20.03.12, que di o seguinte:

Pola Dirección de ingresos do Concello de Vigo, remítense a esta Tesourería expediente 18385/700 de data 20/03/2012 de liquidacións de taxas por subministración de auga e saneamento, aprobadas de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal reguladora correspondente, que sendo notificadas regulamentariamente nas datas que se indican nas mesmas, como consta acreditado nos correspondentes expedientes que se achegan, non foron ingresadas no período

voluntario, polo que interesa desta Tesourería o inicio dos correspondentes procedementos administrativos de constrinximento.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 77.668,65 €, segundo relación que achega que comenza por CANDIDO GONZALEZ GARCIA , nº cliente 7 nº factura: 74730008P0001657 e remata en MOTOS PARDALSL nº cliente 152256 nº factura: 74730008P0586607 foron aprobadas por decretos de Alcaldía de cada mes do ano 2008, segundo a documentación adxunta.

Con data 04/03/2011, o Director de administración e finanzas da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o período voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, prevé que "Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrábel, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento".

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPÓN A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CON CARÁCTER PREVIO Á APERTURA DE EXPEDIENTES DE COBRANZA POLA VÍA DE CONSTRINXIMENTO, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 77.668,65 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(413).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 22983/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.04.12, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.03.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina de tres prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social, contida no escrito de data 18 de marzo de 2012.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas con cargo ás referidas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral a D^a. LAURA CAMPOS RIVAS, DNI 76.996.573-W, D^a. XOANA SONEIRA VILLARINO, DNI 36.163.678-L e D^a. ROSA M^a. GAMALLO REY, DNI 35.451.918-V, aspirantes que superaron tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios de carreira de auxiliar de administración xeral incluídos na última Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008. Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente dita condición no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban as interesadas, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2010, publicada no BOP e no DOGA de 4 e 18 de febreiro de 2011, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público”.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

19(414).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN RELATIVA A SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO DE D^a RAQUEL IGLESIAS BLAS. EXPTE. 22980/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnica de xestión, do 30.03.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En escrito de data 26/03/2012 (documento nº 120035389) a funcionaria municipal D^a Raquel Iglesias Blas, con DNI nº 36.153.642-B e nº persoal 82167, auxiliar de admón. xeral adscrita á Asesoría Xurídica Municipal, encadrada no subgrupo C2 de titulación, solicita a declaración de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.

A interesada accedeu á praza de Auxiliar de Administración Xeral, tras superar o oportuno proceso selectivo, pola quenda libre (OEP 2008), tomando posesión da mesma o 01/03/2012.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Segundo sinala o artigo 85.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público sinala, “As Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto podrán regular otras situaciones administrativas de los funcionarios de carrera, en los supuestos, en las condiciones y con los efectos que en las mismas se determinen, cuando concurra, entre otras, alguna de las circunstancias siguientes:

b) Cuando los funcionarios accedan, bien por promoción interna o por otros sistemas de acceso, a otros cuerpos o escalas y no les corresponda quedar en alguna de las situaciones previstas en este Estatuto, y cuando pasen a prestar servicios en organismos o entidades del sector público en régimen distinto al de funcionario de carrera”.

Así mesmo, a disposición adicional final 4^a, no seu apartado 3, dispón: “Hasta tanto se dicten las Leyes de Función Pública y las normas reglamentarias de desarrollo se mantendrán en vigor, en cada Administración las normas vigentes sobre ordenación, planificación y gestión de recursos humanos en tanto no se opongan a lo establecido en este Estatuto”, manténdose, polo tanto, en vigor a normativa estatal ou autonómica, en tanto non se opoña ao disposto no EBEP, as situacións administrativas, sendo de aplicación o disposto no art. 29.3 a) da Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que regula a situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.

O citado artigo establece, en relación coa excedencia voluntaria, que unha das situacións causantes será: “Declarar en situación de excedencia voluntaria a los funcionarios públicos cuando se encuentren en situación de servicio activo en otro Cuerpo o Escala de cualquiera de las Administraciones Públicas, o pasen a prestar servicios en Organismos o Entidades del sector público y no les corresponda quedan en otro situación.”

O tempo de permanenza nesta situación a establece o art. 15.3 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, que supletoriamente aínda continúa vixente, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, que establece que “Los funcionarios podrán permane-

cer en esta situación en tanto se mantenga la relación de servicios que dió origen a la misma. Una vez producido el cese como funcionario de carrera o personal laboral fijo, deberán solicitar el reingreso al servicio activo en el plazo máximo de un mes, declarándoseles, de no hacerlo, en la situación de excedencia por interés particular”.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Regimen Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte,

R E S O L U C I O N :

“PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria municipal D^a Raquel Iglesias Blas, con DNI nº 36.153.642-B e nº persoal 82167, auxiliar de admón. xeral adscrita á Asesoría Xurídica Municipal, encadrada no subgrupo C2 de titulación, en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, con efectos a partir do día 31/03/2012. Durante o tempo de permanenza na situación de excedencia non devengará ningún tipo de retribucións nesta Administración nin se lle computará a efectos de promoción nin trienios.

SEGUNDO.- Notificar a presente á interesada e dar traslado da mesma á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización e Seguridade Social), xefa/e do Servizo onde está adscrita á interesada, así como dar conta á Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Con data 30.03.12, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(415).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN AO SERVIZO ACTIVO DE D. JESÚS OTERO QUESADO. EXPTE. 22971/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión de Recursos Humanos, do 27.03.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 22/11/2011 (doc. nº 110148968) D. Jesús Otero Quesado, con DNI nº 36.033.425-S, solicita o reingreso ao servizo activo.

2.- Con data 04/01/2012 o técnico de planificación e organización de Recursos Humanos informa o seguinte:

“Que D. Jesús Otero Quesado, con DNI nº 36.033.425-S, nº persoal 13847, é funcionario de carreira desta Corporación, en situación de excedencia voluntaria por interese particular dende o 1 de xaneiro de 2002, por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 13 de decembro de 2001, da que se deu conta a Xunta de Goberno na súa sesión de 21 de decembro seguinte.

Que con data 22 de novembro de 2011, o interesado solicitou a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 11018968) o seu reingreso no Cadro de Persoal Municipal.

Comprobado o expediente do interesado, constátase que foi nomeado funcionario de carreira, con cargo a praza de operario-peón en data 1 de decembro de 1982 (tendo recoñecido o tempo traballado coa mesma categoría pero en réxime laboral dende o 01/09/1981), na que permanecía no momento en que foi declarado na situación de excedencia voluntaria, tendo recoñecido como grao persoal o nivel do complemento de destino 14, por Resolución da Alcaldía de 28 de xaneiro de 1999, a proposta da Comisión de Goberno de data 22 de xaneiro anterior.

No Cadro de Persoal correspondente ao ano 2011, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de data 23 de decembro de 2010, figuran vacantes, entre outras, dúas prazas de operario-peón, con postos vacantes nos Servizos de Conserxería e Cultura. Así mesmo e, toda vez que o interesado ten recoñecido o grao persoal correspondente ao Complemento de Destino 14, podería ser adscrito a postos de axudante de oficios, vacantes nos servizos de Educación, Museos, Parque Central de Servizos, Vías e Obras e Electromecánicos.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I. O artigo 16 do Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, regula as situacións de excedencia voluntaria por interese particular, que cumpre en todos os seus apartados o interesado.

II. De conformidade co previsto nos arts. 213 a 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora de facendas locais, remítese á Intervención Xeral para a preceptiva fiscalización.

III. Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, segundo redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de compe-

tencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso ao servizo activo, con efectos económicos e administrativos do vindeiro 01/04/2012 a D. Jesús Otero Quesado, con DNI nº 36.033.425-S, funcionario de carreira, na praza de operario-peón, grupo E, debendo adscribilo ao posto Vixilante en Xeral (código posto 014.02), código retributivo 156, partida funcional 922.0, da vixente relación de postos de traballo, a petición do interesado formulada en escrito de data 22/11/2011.

SEGUNDO.- Aboar ao interesado a antigüidade que viña percibindo ata a excedencia voluntaria correspondente a un total de seis trienios, cumprindo o seguinte, o sétimo, o 16 de setembro de 2012.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Sr. Director do Museo “Quiñones de León”, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (negociado de Seguridade Social), Área de Réxime Interior (Xefatura da Área, Planificación e Organización e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

Con data 27.03.12, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

21(416).- CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN ANO 2012. EXPTE. 22861/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.03.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 3.03.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aproba-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2011, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial conductor do Parque Móbil, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2011

Segundo.- Dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe acreditativo da efectiva realización dos traballos, relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou

recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instruccións sobre plantilla

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

Dése traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación,.

22(417).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 50/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 1154/2010, EN CONCEPTO DE CANTIDADES (D. JOSÉ ANTONIO MUIÑOS ACUÑA). EXPTE. 22984/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.04.12, dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión de Recursos Humanos, do 02.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 17 de outubro de 2011, o Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, dictou sentenza nº 510/2011 no procedemento 1154/2010, interposto por D. José Antonio Muiños Acuña, na que se falla literalmente que:*

“Que estimando parcialmente la demanda interpuesta por D. José Antonio Muiños Acuña, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a pagarle la cantidad de 14.154,73 €, que será incrementada con el 10% de interés por mora, en cómputo anual y únicamente aplicable a los conceptos salariales.”

2.- *Con data 28 de febreiro de 2012, pola representación legal do Concello remitiuse auto e decreto do Xulgado do Social Nº 3 instando a execución de títulos xudiciais por importe de 14.154,73 € de principal máis na cantidade de 2.830,00 € provisionais de intereses e costas.*

4.- *Con data 4 de novembro de 2010 solicitaronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Re-*

cursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polos interesados, correspondente as diferencias entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de agosto de 2009 a 31 de xullo de 2010.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 uha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 13/06/2011, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 16.984,73 € (14.154,73 € de principal e 2.830,00 € de intereses e costas) con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 5.449,55 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		CNAE	SS EMPRESA	SS TRABAJA-DOR	IRPF
		1%	31,10%	6,40%	15%
2009	6.177,04	61,77	1.921,06	395,33	926,56
2010	7.977,69	79,78	2.481,06	510,57	1.196,65

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PRO-POSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 510/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 50/2012 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 1154/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D. José Antonio Muiños Acuña, con DNI 36074146-A de abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1 de agosto de 2009 e o 31 de xullo de 2010, por importe de 14.154,73 € de principal e 2.830,00 € de intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (905,90 €) e IRPF (2.123,21 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 0005012. (11.125,65 € de principal e 2.830,00 € de intereses e costas que deberá percibir o traballador)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(418).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 2/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1, DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 1149/2010, EN CONCEPTO DE CANTIDADES (D. CARLOS JUNCAL GIL). EXPTE. 22985/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.04.12, dáse conta do informe-proposta do técnico de xestión de Recursos Humanos, do 02.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 11 de mayo de 2011, o Xulgado do Social Nº 1 dos de Vigo, dictou sentenza nº 315/2011 no procedemento 1149/2010, interposto por D. Carlos Juncal Gil, na que se falla literalmente que:

“Que estimando en parte la demanda interpuesta por D. Carlos Juncal Gil, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a que en concepto de diferencias retributivas por el período de 1 de enero a 31 de julio de 2010 le abone la cantidad de 8.912,88 euros, desestimando las demás pretensiones deducidas en la demanda, de las que absuelvo a dicho demandado.”

2.- Con data 23 de xaneiro de 2012, pola representación legal do Concello remitiuse auto e decreto do Xulgado do Social Nº 1 instando a execución de títulos xudiciais por importe de 7.946,23 € de principal máis na cantidade de 800,00 € provisionais de intereses e costas.

4.- Con data 4 de novembro de 2010 solicitaronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Recursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polos interesado, correspondente as diferencias entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de xullo de 2010, téndose en conta que se debe descontar da cantidade a ingresar ao interesado a contía de 966,65 € segundo o acordado na execución 364/2010, cantidade que debería reingresar ao Concello.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 uha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demáis resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 13/06/2011, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 8.746,23 € (7.946,23 € de principal e 800,00 € de intereses e costas) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 3.431,46 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		CNAE	SS EMPRESA	SS TRABAJADOR	IRPF
		1%	31,10%	6,40%	15%
2010	8.912,88	89,13	2.771,91	570,42	1.336,93

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 315/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 2/2012 do Xulgado do Social Nº 1 dos de Vigo, no procedemento 1149/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D. Carlos Juncal Gil, con DNI 35296986-J de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2010, por importe de 8.912,88 € de principal e 800,00 € de intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (570,42 €) e IRPF (1.336,93 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3626 0000 64 0002012. (6.038,88 € de principal e 800,00 € de intereses e costas que deberá percibir o traballador)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(419).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 13/03/2012, SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUERIMENTO XUDICIAL DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 (EXECUCIÓN PROVISIONAL 5/2012). EXPTE. 22942/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnica de xestión de Recursos Humanos, do 13.03.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 13/03/2012 recíbese no Servizo de Recursos Humanos comunicación de Auto do Xulgado do Social nº 3 de Vigo, execución provisional 5/2012 (Nº de autos 780/2011) no cal a representación legal do Concello en materia de defensa e asesoramento xurídico laboral informaba de que en data 12/03/2012 fora formalmente notificado dito auto.

O obxecto do mesmo é o da execución provisional de sentenza recaída na reclamación xurisdiccional en vía laboral presentada por D^a Sonia María Martínez Alonso en materia de despido (resolución xudicial actualmente recurrida en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza pola representación legal do Concello).

O pronunciamento do dito auto establece:

“Estimar el incidente de no readmisión, en consecuencia requerir al Ayuntamiento a que en el plazo de cinco días reponga a la trabajadora en su anterior puesto y condiciones y al abono de los salarios de tramitación desde la fecha del despido hasta la reincorporación”.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carác-

ter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dêfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III.- A peculiaridade do presente suposto reside en que se trata dunha execución provisional dunha sentenza que aínda non goza da característica esencial de firmeza, que a convirte en título executivo nos termos legalmente previstos. Nembargantes, a Lei de Procedemento Laboral contempla a execución provisional das sentenzas, como así se dispón no Auto nº 14/2011 obxecto de execución inmediata por imperativo legal.

Unha vez se dicte sentenza en casación polo Tribunal Supremo, e ésta sexa firme, estarase aos pronunciamentos contidos na parte dispositiva da mesma.

De xeito tal que, aos efectos de dar cumprimento ao mandato contido no auto xudicial de referencia (readmisión da traballadora D^a Sonia María Martínez Alonso) deberase proceder á notificación á mesma da readmisión en execución estricta da orde xudicial –a salvo obviamente do que a sentenza no seu día firme dispoña– así como á imputación económica e contable dos custos salariais derivados da execución provisional da sentenza, significándose que este Servizo de Recursos Humanos unicamente dispón da partida orzamentaria 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) no marco dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente exercicio económico 2012, xunto coa partida orzamentaria de Seguridade Social en canto ás cotizacións empresariais, entendendo a suscribinte –a salvo obviamente de mellor criterio da Intervención Xeral Municipal– que ás mesma deberán imputarse os gastos que xenere a readmisión provisional á sinalada partida ata tanto non sexa dictada sentenza xudicial firme.

IV.- O cumprimento do mandato xudicial ten carácter urgente, dada a brevidade dos prazos establecidos (5 días); á vista do cal, e consideradas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 17/06/2011, e Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Dar cumprimento nos seus propios termos ao Auto de execución provisional nº 5/2012, dictado polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo en autos 780/2011, recurrido en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola representación legal do Concello de Vigo, e en consecuencia dispoñer a readmisión provisional da traballadora D^a Sonia M^a Martínez Alonso (DNI 36126223-P), no Servizo de Promoción Económica e Emprego, con imputación orzamentaria dos custes salariais xenerados pola readmisión ás partidas orzamentarias 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) e partida de Seguridade Social.

A dita readmisión, que terá efectos da notificación da presente resolución, queda condicionada ao que resulte do fallo da sentenza que no seu momento se dicte polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación interposto pola representación legal do Concello, ao abeiro do establecido nos artigos 190 a 204 da Ley 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral.

SEGUNDO.- O réxime retributivo da mesma será en todo caso o contemplado na vixente relación de postos de traballo para un técnico medio (CD: 25, CE: 690), a salvo do pronunciamento xudicial que se dicte en suplicación.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación co auto que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade Á Asesoría Xurídica Municipal, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Promoción Económica e Emprego e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 13.03.12 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(420).- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 42.468,20 € A FAVOR DE ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLOS SERVIZOS PRESTADOS EN DITO MERCADO. EXPTE. 5345/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 26.03.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 12.03.12, conformado polo concelleiro de Turismo, Comercio, Industria e Pequenas e Medianas Empresas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 42.468,20 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 42.468,20 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact iva	fact total
5336/55 1	V	16 11	02/11/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €
5325/55 1	V	17 11	01/12/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 42.468,20 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 "Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso" do orzamento vixente.

26(421).- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO A D^a. MARGARITA PAZO RODRÍGUEZ POR INSTALACIÓN DUN VALO DE OBRA NA RÚA TRAVESÍA ESPERANZA. EXPTE. 66169/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.03.12, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 22/10/2009, o Servizo de Vías e Obras autorizou a Margarita Pazo Rodríguez a instalar un valo de obra na rúa Travesía Esperanza e pola que debería depositar unha fianza por importe de 3.000,00 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar no patrimonio municipal.

Unha vez rematadas as obras Margarita Pazo Rodríguez, con data 14/03/2012, solicitou a devolución da fianza depositada.

En data 20/03/2012 o inspector auxiliar de Vías e Obras informou que o valo de obra foi retirado e que o pavimento e a reposición do mesmo están en boas condicións.

Polo dito anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza depositada por importe de 3.000,00 € (tres mil euros) a favor de Margarita Pazo Rodríguez.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(422).- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO A EDELNE S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA ABADÉ JUAN BASTOS. EXPTE. 66108/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.03.12, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 29/10/2010 autorizouse a Edelne, S.L. para realizar unha canalización na rúa Abade Juan Bastos e pola que debería depositar unha fianza por importe de 364,28 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar no patrimonio municipal.

Unha vez rematadas as obras Edelne, S.L., con data 05/03/2012, solicitou a devolución da fianza depositada.

En data 26/03/2012 o enxeñeiro técnico de Vías e Obras informou que o pavimento e a reposición do mesmo están en boas condicións.

Polo dito anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza depositada por importe de 364,28 € (tres sesenta e catro euros con vinteito céntimos) a favor de Edelne, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(423).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTES (VIDE) CO OBXECTO DE COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE PROMOCION DO DEPORTE VIGUÉS PARA O ANO 2012. EXPTE. 11092/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.12, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade: Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080.5065.22.3040027964 con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e dacordo cos condicionates establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadjuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado pola Fundación VIDE para o ano 2012.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2012, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11092-333.

f) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

g) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución á Fundación VIDE, deberá realizarse no prazo comprendido entre a notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades viculadas ó proxecto, para o que VIDE deberá de adxuntar, coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe

da subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

h) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

l) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

2º.- Aprobar o seguinte procedemento de pagamento de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos previos á actividade que ten a Fundación VIDE.

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente de subvención por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización das actividades expostas no proxecto de actividades. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Fundación VIDE, está demostrada pola traxectoria da entidade como organizadora do proxecto de actividades obxecto da subvención dende o ano 2002.
- O resto do importe abonarase á Fundación VIDE de modo fraccionado a medida que vaian rematando as actividades do proxecto, e tras a presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable. Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado, e previo o abono deste, VIDE deberá xustificar axeitadamente o 50% do importe total da subvención. A axeitada xustificación, a realización da cada unha das actividades parciais e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

29(424).- SOLICITUDE Á ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL Y DEL CONSUMIDOR (ADEAC) DA SENDA AZUL “CAMIÑO Á BEIRAMAR”. EXPTE. 8373/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 12.04.12, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude da Senda Azul coa denominación “Camiño á beiramar”, que discorre polo paseo peonil do río Lagares dende a Avda. de Madrid até a súa desembocadura e unha bifurcación en dous tramos costeiros ; un cara ao oeste, até chegar ao areal de Canido e outro cara ao leste até o areal do Adro, cun percorrido de 11.020 m e de 12.906 m, respectivamente.

2º.- Facultar á concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude para subscribir esta solicitude ante ADEAC.

3º.- Dar traslado deste acordo aos distintos departamentos con competencias para o seu coñecemento e colaboración no seu desenvolvemento.

30(425).- NOMEAMENTO DE DEZ FUNCIONARIOS INTERINOS COMO AXUDANTES DE OFICIOS POR ACUMULACIÓN DE TAREAS. EXPTE. 23001/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.04.12, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 11.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia no nomeamento de dez funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 1 de febreiro de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 105.255€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

2º.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI 50.097.360-W, D. ARTURO MERA AIRA, DNI 32.818.670-Q, D^a. ALEJANDRA PRIETO ALCARAZ, DNI 70.873.827-V, D. OSCAR BALLESTEROS VÁZQUEZ, DNI 36.158.387-H, D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUAREZ, DNI 36.050.235-N, D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B, D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, DNI 36.140.031-Q, D^a. LEONOR M^a. BARRIO MARTÍNEZ, DNI 13.144.088-W e, D. ALBERTO GREGORIO DOMÍNGUEZ, DNI 36.146.916-R, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

3º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)".

4º.- A xonada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso,

contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

31(426).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 23.03.12 SOBRE GASTOS DE LOCOMOCIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 22997/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 10.04.12, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 23/03/2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente administrativo 22925/220, de gastos de locomoción do persoal municipal (período comprendido entre nov. 2011-feb. 2012).

Detectados os seguintes erros no dito acordo: En primeiro lugar, na contía asignada ao empregado D. Julio Gómez Pascual, con DNI nº 34.901.122-W, que figura coa cantidade de 163,15 €, cando debería dicir: 263,15 € e, en segundo, o empregado D. Manuel Enrique Márquez Losada, con DNI nº 52.500.559-T, ten asignado unha contía de 5,32 €, cando non debería figurar na cita da relación.

De conformidade co previsto no artigo 105 2. da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que establece que as administracións públicas poderan rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito e aritméticos existentes nos seus acordos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Primeiro.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/2012, asignando ao empregado municipal D. Julio Gómez Pascual, con DNI nº 34.901.122-W e nº persoal 11819, como gastos de locomoción correspondentes ao mes de febreiro 2012 a contía de 263,15 €.”

Segundo.- Eliminar da relación de empregados que deberán percibir gastos de locomoción a D. Manuel Enrique Marques Losada, con DNI nº 52.500.559-T e nº persoal 23500, por ser incluído na mesma erroneamente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(427).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A

ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” PARA O ANO 2012. EXPTE. 4414/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Festas, do 15.03.12, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, pola concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2012 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2012.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2012 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións nos concelleiros delegados.

Doutra, don Enrique Lorenzo Vila, como presidente da Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 1110-10 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 4414/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que a Concellería de Festas vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos

permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais". Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais".

V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 4414/335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2002 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 31 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2012, tal como solicitou ó CONCELLO.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Festas do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estábeis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase "Vigo, un mar de corais" e nel participarán trinta e unha corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:

- 1. Realizar 93 (noventa e tres) actuacións. Cada coral realizará tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine o Concello.*
- 2. A concellería de Festas comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:*
 - Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*

- Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade désígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...

4. Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Entidade.

5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.

7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Festas. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.

En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.

- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.

2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.

4.- *Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.*

5.- *Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2012 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos con cargo á partida 3380.489.0003, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Festas.*

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Festas, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.*
- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.*
- Cadeiras para o público.*
- Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.*

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

- 1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio e se efectuará por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5128.06.3040005172 domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a beneficiaria, na primeira quincena de maio. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que non se poden pospoñer ata a conclusión do programa, relativos á organización das actuacións (desprazamentos das masas corais, gastos que acostuman asumir as corais, etc.).*
- 2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral antes do 20 de decembro e se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta. A ACOPOVI terá que incorporar á antedita solicitude todas as certificacións de actuacións realizadas polas corais e facturas de emitidas no período. O pagamento tramitarase previa certificación do persoal técnico de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.*

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de corais", onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI polas corais asociadas. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser

debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;*
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.*

Vixésimo primeiro.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.

POLO CONCELLO
A concelleira delegada da
Área de Cultura e Festas

POLA ACOPOVI
O presidente

Isaura Abelairas Rodríguez

Enrique Lorenzo Vila

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DE
MASAS CORAIS PARA O ANO 2012
"VIGO UN MAR DE CORAIS"

D/D^a.....
en representación da entidade
....., CIF....., con domicilio social
en núm, da cidade de VIGO, teléfono/s de
contacto....., fax.....,
E-mail:.....

SOLICITA que a Concellaría de Cultura e Festas programe a actuación de masas corais de Vigo con cargo ao convenio vixente para o exercicio 2012, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado nas condicións dos beneficiarios:

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:

* LOCALIZACIÓN: _____

* ESCENARIO: Longo: _____ Ancho: _____ Alto: _____

▣ CAPACIDADE DE CADEIRAS: _____.

<CAMERINOS: a)▣ Fixos ▣ Eventuais.

< b) Capacidade: _____ persoas.

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

Nota:- Sinalar unha ou varias opcións

Vigo, de de 2012

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE MASAS CORAIS PARA O ANO 2012 "VIGO UN MAR DE CORAIS"

D/D^a.....
 NIF....., en representación da entidade
 con domicilio social na rúa....., núm..
CP.....E-mail:.....

EXPÓN:

1.-Que a coral
 realizou o concerto programado pola

Concellaría de Cultura e Festas na citada entidade, o día de de 2012, en.....

2.-Que a coral se presentou no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de asistentes o concerto foron

OUTROS DATOS:

Sistemas de información, comunicación e publicidade utilizados (achegar modelo de material editado)

- ≡ Folletos N:.....
- ≡ Megafonía móvil
- ≡ Outros.....
- ≡ Carteis N:.....
- ≡ Inserción na prensa escrita.
- ≡ Programas de man N:.....

OBSERVACIÓNS:.....

.....

VIGO, de de 2012

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

33(428).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.